



PLAN DIXITAL

IES da Illa de Arousa

Índice do Plan Dixital

1. Introducción

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do plan

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do plan

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES da Illa de Arousa está situado nun concello insular da provincia de Pontevedra.

Datos de contacto:

Dirección: Rúa Bouzas s/n, 36626 A Illa de Arousa
Teléfono: 886151059
Fax: 886151065
e-mail: ies.illa.arousa@edu.xunta.gal
Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesillaarousa/>

É o único centro de ensino secundario. Estamos catalogados como liña 2 e neste curso actual hai matriculados 174 **alumnos e alumnas**:

1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
44	40	43	47

A reserva de praza para 1º da ESO o vindeiro curso 2023/2024 é de 46 alumnos/as.

Profesorado: 15 definitivos, máis o profesor de Relixión que comparte centro e unha PT. E como provisionais, este curso 2023/24 hai 8. Máis 2 profesoras para o programa Recupera_T

Segundo o IGE, con data do 1 de xaneiro do 2020, a poboación total deste concello era de **4.932 habitantes**: mulleres 2.483 e homes 2.449.

Se seguimos a serie cara atrás, a poboación vense mantendo ou baixando moi lixeiramente [4.926 hab. no 2019, 4.958 hab. No 2018, 4.968 hab. no 2017...]. Nalgúns anos sobrepasáronse os 5.000 habitantes.

Case todo o noso alumno vén do centro de Primaria Torre-Illa. A gran maioría son nados neste concello ou fillos/as de naturais deste concello.

Non todo o noso alumnado dispón de ordenador na súa casa, varios deben compartilo. Moitos **tampouco** dispoñen de **conexión a internet**, unha cantidade importante utiliza os datos móbiles ou intenta conectarse á wifi do concello.

O noso centro ten estas características: O Centro ten dous edificios: O Edificio principal (1) que ten planta baixa e primeiro andar, e outro edificio (2) que é o pavillón deportivo cuberto, que ten unha planta baixa e un primeiro andar, o que se pode acceder dende o primeiro andar do edificio principal.



Edificio de aulas (1). Consta de planta baixa e primeiro andar. Na planta baixa hai aulas, oficinas e os despachos da Dirección e Administración do Centro; tamén a sala da caldeira de auga quente. No primeiro andar atópanse aulas, a biblioteca, e o laboratorio. Tamén os despachos de Orientación e aula PT. Ademais, na planta baixa hai un área que foi construída para vivenda do conserxe, que agora está habilitada como aula de música.

O edificio principal ten un ascensor para comunicar os dous pisos, ademais de dúas escaleiras: Unha no lado norte do edificio, fronte as oficinas da planta baixa, e outra no extremo sur do edificio. O edificio principal aséntase sobre uns 1.143 m², e o pavillón atópase sobre 524 m². A distribución nos dous edificios é como segue:

- Na Planta Baixa. Ten uns 1.143 m² de superficie. Nela están:
 1. Os despachos da Dirección do Centro, Xefatura de Estudos e Secretaría.
 2. A Sala de profesores, a conserxería e o cuarto de cadros eléctricos e conexións.
 3. O taller de tecnoloxía e 5 aulas, 1 delas é a aula de informática (que está no espazo orixinalmente concebido como cafetería), e outra e a aula de Polos creativos.
 4. A aula de música.
 5. Aseos, almacén e cuartos de limpeza.
- No Primeiro Andar. Ten uns 1.041 m² de superficie. Nesta planta atópase:
 1. Hai 9 aulas, pero varias son moi reducidas, resultado de unir departamentos didácticos, que xa non temos.
 2. Despacho de Orientación e aula PT
 3. O laboratorio de ciencias
 4. Biblioteca
 5. Aseos.
- O pavillón deportivo (2). E un edificio con unha planta duns 524 m² onde se encontra:
 1. Area deportiva.
 2. Vestiarios
 3. Despacho do profesorado e unha zona de almacén.
 4. Na parte superior hai unha parte dedicada a aula (Educación Plástica e Visual) á que se accede dende o primeiro andar do edificio de aulas.

No pavillón deportivo habilitouse unha zona duns 135 m², na parte superior, para aula de Plástica e Visuais, e un despacho.

- No exterior dos edificios atópanse os seguintes elementos importantes:

Unha pista descuberta.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A Illa de Arousa atópase nas Rías Baixas, no medio da Ría a que debe o seu nome, na provincia de Pontevedra. É a maior de todas as illas de Galicia cos seus 7 km de superficie nos que os seus casi 5000 habitantes concéntranse no istmo ou parte máis estreita. Este istmo é considerado o núcleo máis poboado e onde se desenvolve a maior actividade económica, cultural e social deste municipio.

Número de habitantes aprox.:	4926
------------------------------	------

A actividade económica das familias do noso alumnado xira ao redor do mar, os recursos mariños son a principal fonte de ingresos, destacando o sector mexilloeiro, o marisqueo a pé e a flote e outras artes menores de pesca. Nos últimos anos o sector servizos estase a desenvolver de xeito rápido, polo potencial turístico deste concello, ámbalas dúas moi afectadas polo contexto económico derivado da situación de pandemia que vivimos. Tamén hai un sector industrial e da construción, pero xa a máis distancia dos dous primeiros. A gran maioría das empresas son PEMES, a metade destas de carácter unipersoal.

Para poder facerse unha idea máis detallada do peso de cada sector na economía da Illa, resulta interesante ver os datos do IGE (Instituto Galego de Estadística) a este respecto:

- O 52,5% da poboación activa traballadora adícase a agricultura e á pesca.
- O 33,91% ó sector servizos.
- O 9,35% á industria.
- O 3,90% á construción.


Outra forma interesante para coñecer en profundidade a economía da Illa é a través das súas empresas e a condición xurídica destas. Das cales se desprenden os seguintes datos:

Hai rexistradas 232 empresas, das que 137 son persoas físicas (autónomos), 62 son Sociedades de Responsabilidade Limitada (S.L), 2 cooperativas, 2 Sociedades Anónimas (S.A) e 29 constituídas de outras formas.

Estrutura demográfica (pirámide de idades)

Provincia

Municipio



Información

Edad: 10-14
Hombres: 124 (2.5%)
Mujeres: 128 (2.6%)
Total: 4.951

Os recursos socioculturales da contorna son:

Teatro/Auditorio	X	Biblioteca	x	Polideportivo	
Piscina cuberta		Escola de Idiomas		Escola de Música	x
Escolas deportivas	X	Entid. Solidarias (ONGs)		Casa da Xuventude	
Asoc. Cultural/Veciñal	X	Actividades ocio infantil	x	Actividades ocio xuvenil	X
Prensa local					

O ensino actual debe ter unha forte base no coñecemento dixital e non descolgarse das novas ferramentas que se nos ofrecen. O noso alumnado xa é nativo dixital, polo que esta ferramenta élle coñecida e non ten atrancos para saber empregala. Entre outras cousas, porque neste centro dispomos, desde xa hai varios cursos, de 2 aulas de informática, ademais de ter formado parte do proxecto abalar.

Unha das competencias básicas que debe ter superada o alumnado ao remate de cada curso e en cada materia, en diferente medida, é a da **COMPETENCIA DIXITAL**.

A nosa principal prioridade é ofertarlle ao noso alumnado o mellor ensino posible, para facer delas e deles persoas autónomas, capaces de desenvolverse nunha entorna dixital, cun espírito crítico baseado no coñecemento, emprendedores, creativos, preocupados polo desenvolvemento sostible e capaces de traballar en equipo e de xeito cooperativo. Traducido en competencias básicas sería que fosen competentes na comunicación lingüística (CCL), na matemática e nas básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT), na dixital (CD), na de aprender a aprender (CAA), nas sociais e cívicas (CSC), na do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e na das expresións culturais (CCEC).

Internet forma parte da vida de todas e todos nós e como centro de ensino non podemos ser unha "illa" neste senso. Temos a obriga de alfabetizalos (e ás familias) no mundo dixital, de ensinalles e dirixilos no emprego desa realidade e amosarlles os perigos que deben, tamén, saber sortear.

Non se trata so de dispor de información senón de ser quen de transformala en coñecemento, para o que hai que razoala, analizala e sintetizala. Aí está o noso traballo e a nosa guía.

Este centro xa leva bastante anos empregando a súa aula virtual e o entorno EVA, unha parte importante do profesorado ten coñecementos e emprega ferramentas dixitais dende hai bastantes cursos, con interese por formarse e formar aos seus alumnos e alumnas, empregando moitas horas do seu tempo libre en crear contidos e actividades máis motivadoras.

A maneira de traballar ten que ser máis áxil, debemos poder acceder a internet cando o precisemos, tanto para buscar información, como para facer unha actividade na aula virtual (ou EVA) ou traballar de xeito colaborativo, cousa que agora no centro educativo é posible coa fibra óptica. Relativo ao fogar, o concello mellorou a velocidade da rede na Illa de Arousa, pero si é certo que aínda encontramos zoas con conexión moi pobres.

Dende o curso 2021-2022, traballamos con **E-DIXGAL** en 1º ESO, entrando o curso seguinte con 2º, 3º e 4º ESO. Pensamos que o feito de que **cada alumno/a teña o seu equipo** favorece a axilidade do traballo na aula, ademais de axudar a que a rapazada **vaia traballando a súa velocidade**.

Non podemos esquecer que é a ferramenta ideal para traballar co alumnado con necesidades específicas, porque desde o mundo dixital hai moitísimas máis posibilidades de actuar e avanzar con eles, ademais de facérselles máis atractivo o traballo.

En definitiva, o noso primeiro e último obxectivo é mellorar a calidade do ensino que ofertamos.

Tamén debemos preparalos e achegarlles as ferramentas necesarias para, de ser o caso, o paso a un ensino non presencial non supoña unha grande dificultade na continuidade da súa formación. O traballo do profesorado, tanto co alumnado como coas familias e o do centro coa comunidade educativa, cada vez está máis dixitalizado. O emprego de abalar móbil por parte dos titores/as e dos equipos directivos, así como os espazos de aulas dixitais e páxinas web xa é forma habitual de comunicación, ademais do correo electrónico, a mensaxería instantánea...

En relación a outros plans e proxectos do centro:

Todo o profesorado ten a súa aula virtual activa no Moodle do centro así como os seu espacio EVA con actividades e recursos. Todo o profesorado definitiva fixo durante os últimos anos algunha formación. Outros e outras xa levan anos de experiencia e formación máis ampla. (Sería moi longa toda a ringleira de cursos de formación, e como formadores nalgún caso, do profesorado no eido das novas tecnoloxías).

Desde o curso 23-24 temos en 4º da ESO as optativas: **Intelixencia Artificial na Sociedade e Dixitalización**. Nelas vemos necesario formar ao noso alumnado para que se desenvolva con seguridade nas redes sociais e das medidas a tomar cando se traballa con sistemas intelixentes que poden recopilar datos relevantes do alumnado.

A Biblioteca tamén está presente nas redes, emprega o programa **MEIGA**, ten instagram, blog... Ao igual que o Equipo de Normalización e Difusión da Lingua Galega.

Algunhas materias teñen **blogs** e empregan diferentes **aplicacións dixitais** para o traballo na aula.

Ademais dunha **aula virtual** onde teñen acceso as familias e onde tamén está subida toda a documentación necesaria que deben saber e coñecer o profesorado.

Unha **páxina web** que se mellora cada curso e na que se publicitan tanto a documentación pública como outros datos de interese. Eso si, gustaríanos que o CMS Drupal 6 actual o actualizaran (entendemos que primeiro de Drupal 6 a Drupal 9, e despois a Drupal 10) xa que actualmente está moi desfasado facendo imposible algo tan obvio como é a "versión móbil"

O centro participou no **programa Abalar** ata que este deixou de existir.

O centro dispón de **1 aula completas de informática** e **1 aula de Polos creativos** abertas a ser utilizadas por todos os grupos.

Temos **tablets** para traballar desde Orientación e Pedagogía terapéutica.

O profesorado tamén emprega **ferramentas dixitais** nos seus propios pc ou ordenador E-Dixgal de profesor e tablet para a **organización e xestión das súas aulas**.

No curso 23-24, participamos no CP-Inclue, no que tratamos de mellorar o estado emocional e a convivencia no centro educativo. Pilares para facilitar o traballo na aula en relación as TICs neste centro E-Dixgal. Tamén solicitamos, dentro do plan Proxecta, o Programa Nutriesolas en el o laumnado incluírá as TICs nas súas proposta e traballos.

Por último, este plan dixital axudará a conseguir diferentes obxectivos que nos plantexamos dende fai anos na PXA, como pode ser evitar a fenda dixital, renovar e actualizar os equipos

informáticos, mellorar as competencias dixital tanto do profesorado, do alumnado como das familias, empregar diferentes entornos virtuais, etc.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, regula en toda a súa extensión o sistema educativo, tendo como un dos principios fundamentais a equidade que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades para todo o alumnado, que proporcione unha educación inclusiva tratando de conseguir que acaden o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, individuais e sociais, intelectuais, culturais e emocionais, para o que necesitan recibir unha educación de calidade adaptada ás súas necesidades.

O presente Plan Dixital toma como punto de partida, ademais da Lei orgánica 2/2006, a "Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional. Nesta resolución se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022". Na resolución do 3 de setembro díctanse os principios, obxectivos e referentes nos que se debe basar o Plan Dixital e que son os seguintes.

- Principios:
 - a. A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
 - b. O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
 - c. A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.
- Obxectivos:
 - a. Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
 - b. Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
 - c. Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa. para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
 - d. Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.
- Referentes:
 - a. A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.

- b. O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración.

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital do IES da Illa de Arousa componse de dúas persoas, que son:

- Rita M^a Martínez Portas (Directora e docente do departamento de Música).
- Susana Oubiña Falcón (Coordinadora E-Dixgal e docente do departamento de Tecnoloxía).
- Mónica Núñez Carballa (Docente do departamento de Física e Química)

Para realizar unha análise da situación do centro educativo usáronse dúas ferramentas: o SELFIE e o Test de Competencia Dixital Docente. Ambos do curso académico 2021/2022.

Para a diagnose da situación en relación á competencia dixital, a Resolución do 3 de setembro de 2021 remítenos a ferramenta de autoavaliación SELFIE, coa finalidade de obter en liña un informe de autoavaliación do centro (informe SELFIE). Esta ferramenta foi desenvolvida pola Comisión Europea ao abeiro do Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg)

A ferramenta de autoavaliación SELFIE, da Comisión Europea, atópase disponible no seguinte link: [SELFIE](#)

No curso 2021/2022 a coordinadora rexistróu ao IES da Illa de Arousa na plataforma SELFIE e, conxuntamente co Equipo de Dinamización do Plan Dixital a selección dos grupos (líderes, profesorado e alumnos/as que participarían) así como, o período de realización do exercicio anónimo SELFIE e a descarga dos ligazóns dos diferentes test SELFIE. En todo momento cumpríronse os prazos dados pola administración educativa.

De xeito complementario, o profesorado, no curso 2021/2022 realizou o test CDD baseado no marco DigCompEdu desde o seu perfil persoal. Este test permite obter un Informe Individual coa valoración global do seu nivel competencial (A1- C2), segundo as áreas establecidas neste Marco, e devolve un detallado *feedback*. E, a partir destes informes individuais, xérase o Informe do Centro.

Aínda que o profesorado do IES cambiou e por suposto, tamén o alumnado (non somos os mesmos que fixemos o SELFIE e a CDD), a coordinadora E-Dixgal é capaz de entender as implicacións destes cambios. Por ese motivo (o coñecemento) tomará os dous informes de autoevaluación do plan dixital 21/22: Baseándonos nos resultados obtidos no SELFIE e no Informe do Centro da CDD o Equipo de Dinamización do Plan Dixital realizou un exercicio de diagnose da situación do centro educativo que queda plasmado na DAFO que se inclúe neste documento.

Na procura do Plan de Acción, a partir da DAFO, escollimos obxectivos SMART que nos dean solucións para as nosas debilidades ou que afronten ameazas aproveitando, se é posible, as

fortalezas e as oportunidades. Os obxectivos están englobados nas áreas de mellora segundo o Marco Europeo DigCompOrg (marco para as Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes), para poder analizalos cun SELFIE máis adiante. Finalmente, concretamos os indicadores e as diferentes acción que nos levarán a acadar os obxectivos. Este Plan de Acción inclúese neste documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura:

A conectividade baséase nun armario central etiquetado como A01 e un *switch* situado na aula de informática 1. Relativo á rede sen fíos, dispoñemos en todo o centro da rede edu.xunta e, na estrutura cableada en todas as aulas temos dúas tomas. A conexión a internet é por fibra óptica e seguimos tendo un resoaldo por radio enlace:

- SF369010002 36020283 - IES DA ILLA DE AROUSA [10.55.89.0/24](#)
- Tecnoloxía liña principal: FTTH_1G_1G
- Tecnoloxía liña de respaldo: PMW_500M_500M

O centro consta con 5 APs Aruba radiando as SSID: *edu.xunta.gal* e *ABALAR*

Listado dos APs:

- ED1CW112_16
- ED1CW112_17
- ED1CW112_18
- ED1CW112_19
- ED1CW112_20

Referente á telefonía en administración, esta é cableada e xestionada por centralita de voz IP.

Equipamento:

- Equipamento das aulas: Dispoñemos de 12 aulas
 - Aula 01: Portátil HP Probook 4530s. Sen antena Wifi
 - Aula 02: Portátil HP Probook 4530s. Punto Wifi 19
 - Aula 03: Portátil HP Probook 4530s. Sen antena Wifi. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
 - Aula 04: Portátil ACER N15W14. Sen antena Wifi. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
 - Aula 05: Portátil HP Probook 4520s. Punto Wifi 26
 - Aula 06: Portátil HP Probook 4520s

- Aula 07: Portátil Lenovo ThinkPad. Sen antena Wifi
- Aula 08: Portátil Lenovo B590Sen antena Wifi
- Aula 09: Portátil HP i3. Punto Wifi 23
- Aula 10: Portátil Lenovo ThinkPad. Sen antena Wifi
- Aula 11: Portátil HP Probook 4530s. Punto Wifi 27.
- Aula 12: PC clónico. Punto Wifi 28. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.

Importante: Non dispoñemos do punto Wifi número 24. Como o vindeiro curso teremos E-Dixgal en todos os grupos, é necesario solventar esta falta de conectividade.

- Aula de informática: Non dispón de PDI nin de proxector de ultracorta.
 - Inf1: 20 equipos (16 Lenovo ThinkCenter) e 4 COMPAQ HP. Punto Wifi 20
- Aula de Polos Creativos. Punto Wifi 17
- Aula de Plástica: 1 PC HP. Punto Wifi 22. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
- Aula de Educación Física: 1 PC Clónico. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
- Aula Taller de Tecnoloxía: 1 PC HP. Punto Wifi 18. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
- Aula de Música: 1 portátil ACER Aspire3. Punto Wifi 21. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
- Laboratorio: 1 portátil ACER Aspire3. Punto Wifi 25. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
- Orientación: 1 PC HP Compaq XL510AU (i5)
- Aula de Pedagogía Terapéutica: 1 PC HP Compaq i5
- Biblioteca: 5 PCs Clónicos e 1 PC Clónico Meiga. Punto Wifi 29. Non ten PDI nin proxector de ultracorta.
- Sala de profesores: 1 PC DELL OPTIPLEX 745, 2 portátiles ACER Aspire 3 e 1 portátil ASUS.
- Sala de recepción de familias: 1 portátil ACER SignalUp

Importante: Necesitaríase un punto de conexión Wifi para esta sala. A conectividade actual nela é moi mala.

- Administración: 3 PCs clónicos i5 para Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría e 1 PC HP para a administración. A maiores 3 HP Core i5 vPRO Bang&Olufsen y 1 Probook Intel Core i3.
- Conserxería : 1 PC HP

Relativo ao equipamento E-Dixgal, actualmente dispoñemos de 49 unidades de portátiles do modelo *Lenovo Yoga 11e* para o alumnado de 3ºESO e 11 unidades de portátiles para docentes do modelo HP ProBook 650G.

- Lenovo Yoga 11e: 47 unidades

Nº Equipo no IES	Nº Serie	Nº Equipo no IES	Nº Serie	Nº Equipo no IES	Nº Serie
21/PE001	SR9115769	21/PE011	SR9114RMD	21/PE021	SR9115R44

21/PE002	SR9114RSS	21/PE012	SR9115880	21/PE022	SR9114RZ8
21/PE003	SR911579E	21/PE013	SR911DWYF	21/PE023	SR9114S2J
21/PE004	SR9114RMH	21/PE014	SR911DWY8	21/PE024	SR91157B1
21/PE005	SR9114RNC	21/PE015	SR911D8Y5	21/PE025	SR91157ZL
21/PE006	SR9114BDY	21/PE016	SR911D7LE	21/PE026	SR9114RQ3
21/PE007	SR9114S8P	21/PE017	SR911DB1R	21/PE027	SR91159EJ
21/PE008	SR911575H	21/PE018	SR911589V	21/PE028	SR9114RN3
21/PE009	SR9114RRE	21/PE019	SR9114BET	21/PE029	SR9114RMA
21/PE010	SR91157XH	21/PE020	SR911588Q	21/PE030	SR911586V

Nº Equipo no IES	Nº Serie	Nº Equipo no IES	Nº Serie
21/PE031	SR91158Z0	21/PE041	SR9114RPM
21/PE032	SR9115948	21/PE042	SR9114SA6
21/PE033	SR911589Z	21/PE043	SR911CS81
21/PE034	SR9115QW4	21/PE044	SR911CTQS
21/PE035	SR911575T	21/PE045	SR911D8HY
21/PE036	SR9115QS1	21/PE046	SR911D80D
21/PE037	SR9114RVP	21/PE047	SR911DB60
21/PE038	SR9114RY6	21/PE048	SR911D81N
21/PE039	SR9115RKY	21/PE049	SR911DAWP
21/PE040	SR9114S1S		

- HP ProBook 650G: 141 unidades
- A maiores: Dispoñemos dun servidor DELL PowerEdge T610 que funciona desde decembro deste curso académico, e de 15 portátiles Acer TravelMate Spin 83 con *router* Airbox de préstamo.

Servicios dixitais:

Utilizamos a páxina web do IES, a Aula Virtual, E_Dixgal, espazoAbalar e Abalarmóbil.

Xestión do Mantemento do equipamento do IES:

A coordinadora E-Dixgal, en setembro, prepara os portátiles E-Dixgal de docentes (se é o caso) e de alumnado (actualizar á última maqueta). Preparar os equipos implica deseño de etiquetas, etiquetado, comprobación, e entrega e recollida de contratos de cesión. Neste senso, neste curso académico houbo que clonar todos os equipos do alumnado e desexamos que non se repita xa que, sobre 15 minutos cada un e multiplicando polo número total de alumnado que o vindeiro ano terá E-Dixgal, fai un total de horas de traballo inviable para una soa persoa. Entendemos que os portátiles novos deberían vir coa última maqueta E-Dixgal e non coa maqueta anterior. Así mesmo, en setembro, a coordinadora E-Dixgal dedícase a poñer ao día (actualizar, limpar ou

resinstalar) todo portátil ou equipo do IES que o precise: aulas de informática, aulas específicas e aulas destinadas a grupos da ESO en concreto.

Toda incidencia que se produce en calquera dispositivo dixital, equipo, rede, etc, dáse a coñecer á coordinadora E-Dixgal do IES e é xestionada por ela. Se non pode arranxalo, ela é a encargada de poñerse en contacto co soporte Premium, UAC, o calquera outro organismo da Xunta ao que a deriven.

Como axuda, dado que é inviable que unha persoa soa poida solventar rápidamente toda esta carga de traballo nas horas E-Dixgal, o IES contratou un informático externo que axuda nas incidencias á coordinadora E-Dixgal. O informático está contratado 2h á semana. Iso supón un gasto importante no orzamento anual do IES. Cantidad que, debido á importancia que ten no sistema educativo o bo funcionamento dos equipos, entendemos que debería ser cuberta por unha partida anual específica da Xunta de Galicia. Actualmente non é así.

Sempre que se poida, a coordinadora E-Dixgal traballa en conseguir melloras. Neste curso, creouse un servidor desde cero para o IES. Está implementado en "espello" para non perder datos e contén a Intranet do IES, con repositorios de películas e documentais dixitalizados, carpetas persoais para os diferentes departamentos e carpetas compartidas para traballos nos FPP.

En relación aos protocolos do centro relacionados coas TIC:

Nas instrucións do 17 de xuño 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional en relación ás medidas que se deben adoptar no curso 2021/2022, no apartado segundo, no punto 4 fálase do ensino non presencial, e que segundo o Protocolo de Adaptación ao Contexto da COVID 19, os centros adaptarán o **seu "Plan de Continxencia"** no que se establecerán as medidas que se adoptarán no caso de suspensión da actividade lectiva para facer efectivo o ensino non presencial e os supostos de reactivación da actividade lectiva presencial, de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

As fontes empregadas para a realización da análise DAFO foron o informe SELFIE e, en menor medida o Informe do Centro sobre a CDD. Ambos do curso académico 2021/2022.

Incluimos a información do resumo das áreas do informe SELFIE na etapa educativa que ofrece o centro:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		3,4			
	Profesorado		4			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,4			
	Profesorado		3,4			
	Alumnado		3			

C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		3,1		
	Profesorado		3,6		
	Alumnado		3,6		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,8		
	Profesorado		3,9		
	Alumnado				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,1		
	Profesorado		4,2		
	Alumnado		3,7		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3		
	Profesorado		3,3		
	Alumnado		3,1		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,5		
	Profesorado		2,8		
	Alumnado		2,7		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,2		
	Profesorado		3,8		
	Alumnado		3,4		

O Informe grupal do TestCDD sérvenos para avanzar nas competencias profesionais docentes relacionadas co ámbito dixital, permitindo planificar unha formación persoal que atenda ao nivel de partida de cada docente. Así mesmo, o informe de centro permitirá planificar a liña de formación a través dos PFP. Incluímos neste documento a información recollida nas táboas 1.3 relativa co perfil do profesorado participante no TestCDD e nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 relativa ao informe grupal do TestCDD.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	15	15	100%
PROVISIONAL	5	5	100%
INTERINO	5	5	100%
SUBSTITUTO	3	4	75%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
79,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,6	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC				
F.P				

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	11	39,3%
B1	8	28,6%
B2	8	28,6%
C1	1	3,6%
C2	0	0%
TOTAL	28	100,1%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE e do TCDD, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. Esta análise DAFO é a que pode verse nas seguintes táboas divididas por factores internos e externos nas diferentes categorías:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1.O profesorado valora a boa asistencia técnica no IES cando xorden problemas coas tecnoloxías	1.Tecnoloxías asistenciais para alumnos con NEE
	PERSOAL DOCENTE	1.Busca e utiliza recursos educativos en liña 2.Utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relativa ao centro educativo 3.Participación na FPP (no ensino e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais) 4.Alta implicación en formación dixital en diversas temáticas	1.Prácticas de avaliación con retroalimentación axeitada
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	1.Desenvolve habilidades dixitais para diferentes materias	1.Aprender a codificar ou programar
	FAMILIAS		
	OFERTA	1.Probamos novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais	1.Non contamos con unha estratexia dixital ben definida
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		1.Repositorios ou bibliotecas en liña con materiais de ensino e aprendizaxe

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<p>1.Plantilla insuficiente no centro para axudar dixitalmente (problemas, dúbidas, investigación) ao equipo directivo, profesorado e alumnado</p> <p>2.A UAC non repón os equipos dixitais das aulas no edixgal que se rompen: ordenador da aula ou encerado dixital</p> <p>3.A sobrecarga horaria do profesorado fai imposible desenvolver prácticas de ensino dixital (avalacións, etc)</p> <p>4.Material informático insuficiente: dúas aulas de informática non chegan para cubrir o uso en todas as materias</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1.Sistemas de protección de datos</p> <p>2.Respetamos os dereitos de autor e as licenzas de uso</p>	
	CONTORNA		<p>1.Conexión a internet lenta (necesítase mellorar a infraestrutura la rede na contorna)</p>
	ANPA	<p>1.Apoio xeral na implantación Edixgal</p>	
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1.Axuda económica por parte da Cofradía de Pescadores da Illa para: alumnado que non dispoña de internet, material para proxectos dixitais</p>	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos plasmados no plana dixital 21/22 cumpríronse.

Tras una análise do SELFIE, do test do centro relativo á CDD e da DAFO, decidimos fixar os tres obxectivos que están reflectidos na táboa para cada obxectivo do Plan de Acción deste documento.

Establecimos as áreas prioritarias de mellora e determinamos os obxectivos que queremos conseguir. Aparecen clasificados por áreas de mellora, en relación coas recollidas no marco DigCompOrg.

Na taboa tamén describimos os indicadores que avaliarán a consecución ou non dos obxectivos, introducindo un valor de partida e de chegada ou meta. Inclusive, a data onde pensamos que podemos acadar o obxectivo. Neste senso, en xuño pensamos que poderíamos acadar tres obxectivos deste Plan Dixital

Definimos as acción a desenvolver para conseguir cada obxectivo, con responsables, temporalización e recursos necesarios.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Levamos dous cursos académicos con E-Dixgal en todos os grupos, de 1ºESO a 4ºESO. Vemos importante mellorar na rápida resposta aos problemas que poden ter os alumnos/as nos seus equipos. Na conectividade axudaría que na planta de arriba recuperemos o punto wifi 24, que desapareceu polas obras feitas no verán de 2021.

Actualmente, os portátiles das aulas de referencia do centro que son E-Dixgal neste curso, xa non son vellos. Pero, en 3 aulas de apoio, encontramos portátiles vellos o portátil comprado polo centro (coa idea de que foran móbiles). Estes teñen a maqueta Bebian e fóronse poñendo nesas aulas porque non daban chegada os repostos que se pediron á UAC nese momento. As 3 aulas de apoio en desdobles non dispoñen de PDI nin proxector de ultracorta.

Tamén carecen de PDI e proxector de ultracorta a aulas de informática do IES, a biblioteca e as aulas específicas de Plástica, Música, taller de Tecnoloxía e Laboratorio.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": LIDERADO E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
1. OBXECTIVO (1):	Implementar unha estratexia dixital ben definida				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e coordinador/a Edixgal				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O profesorado coñece e participa na estratexia dixital do centro					
Valor de partida (3)	10% do profesorado					
Valor previsto e data (4)	100% do profesorado			30 de Xuño do 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Explicar aos Xefes/as de departamento as funcionalidades do servidor do centro educativo.	Coordinador/a Edixgal	Novembro 2023	Dispoñibilidade horaria entre o coordinador/a Edixgal e os Xefes/as de Departamento. Realizar pequenas prácticas para ensinar as opcións que lles aporta o servidor.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2 Utilizar as ferramentas dixitais dispoñibles na maqueta Edixgal	Equipo Directivo e Coordinador/a Edixgal	Xuño 2024	Recibir formación centrada np EVA nun PFPP e, por parte do coordinador, da Maqueta Edixgal e das dúbidas de EVA		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Mellorar o emprego das ferramentas dixitais dispoñibles na maqueta Edixgal	Equipo Directivo e Coordinador/a Edixgal	Finais do curso 2023/2024	Continuar coa formación centrada no EVA e na Maqueta Edixgal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Aprazada	

"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
2. OBXECTIVO (1):	O profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para retroalimentar o traballo do alumnado				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Coordinador/a Edixgal e docentes do FFPP				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% de profesorado que utiliza tecnoloxías de retroalimentación na avaliación de traballos do alumnado					
Valor de partida (3)	10% do profesorado usa nalgún momento a retroalimentación na avaliación de traballos					
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado usa nalgún momento a retroalimentación na avaliación de traballos			30 de Xuño do 2024		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Recibir formación sobre prácticas de avaliación no EVA e con diferentes ferramentas dixitais de retroalimentación	Coordinador Edixgal Equipo Directivo	Antes de decembro do 2023	Formador para esta temática do FFPP PC Edixgal profesor por docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Creación dun curso na AV do centro que conteña a formación recibida e creación dunha tarefa de entrega.	Coordinador Edixgal	Febreiro 2024	Aula Virtual do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Utilizar unha ferramenta de retroalimentación dixital para avaliar como	Docentes que participan no FFPP	Xuño 2024	PC profesor e portátiles Edixgal do alumnado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

mínimo un traballo do alumnado dun grupo						
--	--	--	--	--	--	--

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA E EQUIPOS

3. OBXECTIVO (1):	Crear un espazo multifuncional (polo creativo, steam, aula de innovación) con todo tipo de recursos para mellorar as competencias dixitais do alumnado e profesorado.	Acadado
RESPONSABLE:	Equipo Directivo, Coordinador/a E-Dixgal	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	100% do funcionamento do espazo, emprego de recursos e desenvolvemento de actividades.	
Valor de partida (3)	Aula de informática tradicional.	
Valor previsto e data (4)	Deseño ,creación e funcionamento do espazo multifuncional.	Xuño do 2024

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1: Informar ao claustro	Equipo Directivo	Maio 2022	Convocatoria do Claustro extraordinario		Realizada X
					Aprazada
					Pendente
AO3.2: Obter a aprobación do Consello Escolar	Equipo Directivo	Maio 2022	Convocatoria do Consello Escolar		Realizada X
					Aprazada
					Pendente
AO3.3: Creación do proxecto "Polos creativos"	Equipo Directivo e Coordinador/a Edixgal	Xuño 2022	PC		Realizada X
					Aprazada
					Pendente
AO3.4: Presentar a	Equipo Directivo	Xuño 2022	PC		Realizada X

solicitud de do proxecto a través da aplicación informática					Aprazada	
					Pendente	
A03.5: Realizar o deseño e división dos espazos	Dirección	1º e 2º trimestre do curso 2022/2023	Unidade Técnica da Consellería		Realizada	X
					Aprazada	
					Pendente	
A03.6: Diseñar actividades e recursos para poñela en funcionamento.	Equipo de dinamización de Polos Creativos.	3º trimestre do 2023 e curso 2023/2024.	Tempo de reunións, planificación e documentos compartidos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA E EQUIPOS

4. OBXECTIVO (1):	Crear unha base de datos actualizada (IPs, Modelo, ano, MAC, tipo de dispositivos, lugar, ano de chegada, expediente, baixa ou non, imaxen do dispositivo, etc) dos equipos dixitais do IES	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a E-Dixgal	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	% dos equipos incluídos na base de datos.		
Valor de partida (3)	0% incluídos na base de datos		
Valor previsto e data (4)	100% dos dispositivos informáticos	Xuño do 2024	

ACCIÓN A DESENVOLVER

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Diseñar unha base de datos para introducir os datos dos dispositivos	Coordinador/a Edixgal	Decembro 2023	Ordenador e servidor		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

informáticos						
AO4.2: Introducir os datos dos dispositivos na base de datos	Coordinador/a Edixgal	Marzo 2024	Ordenador e servidor		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Actualizar a base de datos	Coordinador/a Edixgal	Xuño 2024	Ordenador e servidor		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Trátase de facer un seguemento das accións deseñadas para conseguir cada obxectivo proposto.

4.1. Seguimiento do Plan de Acción

Partimos da consecución dos obxectivos do ano 2021/2022. Neles, o obxectivo número 3, pensado para dous anos, intentaremos acadalo neste 2023

Segundo pode verse nas táboas de obxectivos do punto 3 (Plan de Acción), cada acción dispón dunha data final (prevista e pensada) para a súa realización. Algún obxectivo se estrutúrase en trimestres, pero outros en meses concretos. No caso de que sexan obxectivos a levar a cabo durante todo o curso lectivo, farase unha avaliación procesual en cada trimestre onde se recollerán nos aspectos a valorar, o estado de execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. E. De ser o caso, as posibles modificacións das accións e das propostas de mellora.

Relativo á avaliación final, esta farase en xuño, ao remate do curso lectivo e nela incluiremos a valoración de logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Revisaranse as propostas de mellora, no caso de que se teñan, na avaliación final.

5. Difusión do plan

O plan será publicado na web do IES, así como tamén a través da aula virtual, no apartado FAMILIAS, unha vez aprobado polo claustro e o Consello Escolar